

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

María Mighez

No concello de Cerdedo (Pontevedra).

«No Mato de Biduído érguese o Cotarelo de María Mighez, labrega fundadora da aldea.

Na curota, en horas escolleitas, o seu espírito adoita facerse presente. A pantasma, campesiña enloitada, alinda unha vaca rubia, almalla, galleira, ateigadiña de ubre. A súa visión indica boa anada.

No fondo do lugar de Biduído, nos canzorros da solaina dun vello casarón, un avantaxado canteiro, que de seguro bateu co espectro, labrou na pedra as imaxes de María Mighez e mais a súa toura»

Ilustración: MOGARO



BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

Solla, Calros; Almanaque de encantos. Mitoloxía da Terra de Cerdedo, Ediciones Cardeñoso, Vigo, 2005.